



### TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA... GRATUÍTO!!

■ Dende o concello de Vedra lembramos a existencia da **TARXETA XENTE NOVA**, un sistema implantado e subvencionado pola Xunta de Galicia que permite realizar todas as viaxes interurbanas gratuítas dende os 4 anos ata o día que cumplas os 19!!



Tes toda a información e a forma de solícala na páxina <http://tmg.xunta.gal>.

Se tes algunha dúbida ou precisas axuda para solícala só tes que achegarte a Área de Extensión Sociocultural ou chamar ao 981 814 691.

### AXENDA DAS ASOCIACIÓNS

#### A ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS:

- Continúa co seu **CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR**.
- Comeza coas súas novas **clases de teatro** para todas as idades e niveis!!

#### A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO:

- Comeza unha nova tempada de **actividades!**
- Presenta unha nova edición do **Espazo Activo da Ulla** na fin de semana do **28 e 29 de outubro**.

### PARABÉNS... Ao xogador de hóckey vedrés GUSTAVO LEMA

■ Con 19 anos, Gustavo Lema é un vedrés (de familia e de corazón) que destaca como xogador de hóckey sobre patíns que actualmente adestra co Liceo, un dos mellores equipos da OKLiga nacional, coa ilusión de formar parte da súa plantilla na próxima tempada. Ten no seu palmarés diversos

campións autonómicos e nacionais e está recoñecido pola Federación Española de Patinaxe como deportista de alto rendemento. A nivel internacional competiu no campionato europeo de clubs na categoría sub-17. Todo un exemplo de dedicación e superación nun deporte a priori minoritario!!

## OUTUBRO

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    |    |    |    | 1  |
| 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 |    |    |    |    |    |

### AXENDA PARA O MES DE OUTUBRO

- **Inicio das actividades culturais e deportivas do concello de Vedra:** Se aínda non fixeches a túa matrícula consulta as opcións aínda dispoñibles e anótate xa!!

### AXENDA DE ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE:

- **Escola de saúde: "Ximnasia Hipopresiva"** xoves 5 de outubro.
- **Circuíto Termal Nas Termas de Outariz**, luns 9 de outubro.
- **Obradoiro de "flores con crochas de millo"**, martes 10 de outubro.
- **Excursión a Braga e Guimaraes (Portugal)** os días 25 e 26 de outubro.
- **Bingo**, xoves 26 de outubro.





Curso de Educación Emocional.



Festa infantil fin de veran.



Intercambio europeo de boas prácticas en Vedra do 24 ao 30 de setembro.




Reunión de avaliación final do Programa de Voluntariado Xuvenil.



Obradoiro de risoterapia.



Visitas turísticas ao concello de Vedra.



Proxección da película O Libro da Selva en San Xián.




Redecinema en Vedra.



Excursión ás Médulas da terceira idade.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Carreira do Gundián 2017.

## De Interese

### NOVO SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE AVARIAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Coñecedores de que o actual sistema para comunicar incidencias na iluminación pública é limitado, posto que só se poden atender avisos no horario de atención ao público das oficinas municipais, e de que o traslado desta información á empresa de mantemento ten pasos que se poden reducir para deste xeito axilizar o proceso de reparación dos farois, decidiuse cambiar o sistema de avisos de avarías para que sexa xestionado directamente pola empresa prestadora do servizo e deste xeito conseguir que o servizo funcione de xeito máis áxil e eficaz.

Dende o 7 de agosto as avarías nos farois do termo municipal comunícanse directamente á empresa executora que pon a disposición da veciñanza de Vedra tres medios de comunicación para facilitar o máximo

posible este trámite. As avarías poderán comunicarse no seguinte horario e polos seguintes medios:

**Horario:** de luns a venres de 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h

- Por teléfono no 981.50.05.06
- Por correo electrónico no enderezo: [info@electricidadcruceiro.com](mailto:info@electricidadcruceiro.com)
- Por fax no 981.50.81.36

É moi importante que nos avisos realizados por medios escritos se deixe constancia dun teléfono de contacto para que no caso de non localización da avaría os técnicos poidan chamarlles.

## Xuventude

### EMPRENDEMENTO XUVENIL

■ O departamento de xuventude do concello de Vedra dentro do seu programa de emprendemento xuvenil presenta as seguintes propostas:

#### Reiníciate

- Curso de Oratoria: 8 h. 5 e 6 de outubro de 16:00 a 20:00 h.

#### Fórmate

- Curso de Animación Infantil: 8 h. 7 de outubro de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.
- Curso de Videocreación: 8 h. 8 de outubro de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.

#### Para máis información e inscricións:

- 981 814 691 – [cultura@concellodevedra.com](mailto:cultura@concellodevedra.com)



## VEDRA DE TAPAS: Os días 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14 e 15 de outubro

■ O concello de Vedra en colaboración cos establecementos de hostalería asociados á marca “**Tabernas da Ulla**” organiza o **Roteiro - Concurso “Vedra de Tapas”** co obxectivo de promover a restauración local.

### Horarios:

- Venres 6:** de 20:00 a 23:00 h.
- Sábado 7:** de 13:00 a 15:00 h. e de 20:00 a 23:00 h.
- Domingo 8:** de 13:00 a 15:00 h.
- Mércores 11:** de 20:00 a 23:00 h.
- Xoves 12:** de 13:00 a 15:00 h. e de 20:00 a 23:00 h.
- Venres 13:** de 20:00 a 23:00 h.
- Sábado 14:** de 13:00 a 15:00 h. e de 20:00 a 23:00 h.
- Domingo 15:** de 13:00 a 15:00 h.

Cada tapa terá un prezo de venda ao público de **1,50 €**. **Tapa + albariño:** Se os clientes degustan unha tapa acompañada por un viño albariño das adegas locais, o prezo de venda ao público será de **3,00 €**.

### Establecementos participantes:

|   |  |
|---|--|
| <b>O CHURRASCO DE JUANITO</b><br>Richada de polo.<br>Callos.  | <b>CANDIL</b><br>Lagostinos recheos de crema de cogomelos.   |
| <b>MESON RIO ULLA</b><br>Ovos recheos de bocas de mar.<br>Fabada mariñeira.   | <b>A VOSA CASA</b><br>Tosta de “bacon”, mel, queixo de cabra e noces.  |
| <b>RESTAURANTE VICTORIA</b><br>Pincho de pescada e lagostino con salsa de algas e ourizo.<br>Solombo de porco con crema de rulo de cabra e arandos. | <b>O FOGAR DO AVÓ</b><br>Musliños recheos.<br>Petiscos.  |
| <b>TABERNA MOSQUEIRO</b><br>Fabada de Lourdes.<br>Zorza con pataca cocida.  | <b>BAR BARREIRO</b><br>Flan de crema de augardente con crocante de chocolate.  |
| <b>A TABERNA DO FERRADOR</b><br>Empanada de orella.<br>Arroz con luras na súa tinta.  | <b>A TABERNA DO SOUTO</b><br>Tosta de pan moreno con rúcula, lacón e rulo de cabra en salsa de iogur.<br>Lagostino en masa brik con salsa de allo. |
| <b>CAFÉ BAR A DORNA</b><br>Encebolado de croca.<br>Marmelo con noces e queixo de Arzúa cun suave toque da mel das nosas abellas.                    |  |

### Concurso:

Cando un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá selarlle o cartón de votación, na casíña correspondente ao seu establecemento.

Os clientes poden votar todas as tapas ou parte delas, dándolle a puntuación que consideren: de 0 (mal) a 5 (excelente). Para entrar no concurso de tapas os cartóns teñen que ter os selos de como mínimo 5 establecementos.

### Sorteos e agasallos:

Para entrar no sorteo dos diferentes agasallos será preciso:

Ter os datos cubertos e lexibles no **cartón de votación e depositala en calquera das urnas nos establecementos hostaleiros participantes ou na Casa do concello de Vedra.**

As papeletas terán que estar depositadas o domingo 15 de outubro de 2017 ás 23:00h. como data tope para participar no sorteo e ser válidas para o reconto.

### Os agasallos a sortear entre os clientes participantes no concurso son:

Os cartóns con selos de como mínimo 5 establecementos participarán nos sorteos de:

- 3 lotes de produtos locais.
- 2 tarxetas regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello.

Os cartóns con selos de como mínimo 8 establecementos participarán nos sorteos de:

- Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes do concello.
- Unha escapada termal para dúas persoas con almuerzo incluído, circuito termal...

Os cartóns con selos dos 11 establecementos participantes entrarán no sorteo de 200 €.

Este ano contamos de novo cunha aplicación móbil: **Quedamos de tapas!** na que tamén poderemos votar a tapa que máis nos guste, a **"Tapa amiga"**. (Esta votación non entra no concurso).

**Para os agasallos de grupo:** Considerarase grupo o formado por 5 ou máis persoas.

Realizarase un **Concurso Fotográfico:** A foto terá que mostrar que se está facendo a ruta "Vedra de Tapas". Haberá que enviála a [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com), e pasará un filtro de valoración e se é admitida subirase ao Facebook do concello de Vedra.

A foto máis votada será a gañadora, sempre e cando cumpra os requisitos esixidos para a participación.

Premio: 20 tapas e 10 consumicións no establecemento gañador da mellor tapa no Vedra de Tapas 2017.

|                        | 6 de OUTUBRO<br>21:00 h - 22:30 h | 7 de OUTUBRO<br>21:00 h - 22:30 h |
|------------------------|-----------------------------------|-----------------------------------|
| O CHURRASCO DE JUANITO | A.C. SAN CAMPIO                   | SON DO SOUTO                      |
| MESÓN RÍO ULLA         | A GAITA DE SARANDÓN               | GHAFELLOS-SILANDEIRA              |
| RESTAURANTE VICTORIA   | A.C. SAN CAMPIO                   | SON DO SOUTO                      |
| TABERNA MOSQUEIRO      | GHAFELLOS-SILANDEIRA              | ESFOLLADORES DE ILLOBRE           |
| A TABERNA DO FERRADOR  | A GAITA DE SARANDÓN               | GHAFELLOS                         |
| CAFÉ BAR A DORNA       | GHAFELLOS                         | ESFOLLADORES DE ILLOBRE           |
| CANDIL                 | SON DO SOUTO                      | A GAITA DE SARANDÓN               |
| A VOGA CASA            | PANDERETEIRAS SILANDEIRA          | A GAITA DE SARANDÓN               |
| A TABERNA DO SOUTO     | SON DO SOUTO                      | PANDERETEIRAS SILANDEIRA          |
| O FOGAR DO AVÓ         | ESFOLLADORES DE ILLOBRE           | A.C. SAN CAMPIO                   |
| BAR BARREIRO           | ESFOLLADORES DE ILLOBRE           | A.C. SAN CAMPIO                   |

## OBRADOIRO DE CESTERÍA TRADICIONAL

■ Obradoiro de 10 horas (5 sesións de 2 horas), que terá lugar os sábados de 17:00 a 19:00 horas na Casa das Artes de San Fins de Sales. **Comezo o 4 de novembro.**

Prezo curso completo 25 €, materiais por conta do alumno (vimbio, mimosa, salgueiro, sanguíño, medula,...)



## SENDEIRISMO

■ O grupo de sendeiristas presenta unha nova rolda de etapas.

A primeira delas será o sábado día 21 de outubro co seguinte percorrido: Dende Baiona á praia Samil en Vigo.

Os horarios e lugares de recollida do autobús serán os seguintes:

- Saída de Mosqueiro ás 7:00 h.
- Parada en Lestedo ás 7:10 h.
- Parada no Breixo ás 7:15 h.
- Parada en Hipercor ás 7:20 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 7:30 h.

Se queres participar da actividade chama antes do 19 de outubro ao 981 814 691 e reserva a túa praza.



## PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE FROITOS SILVESTRES

■ A concellería de Medio Rural dentro do "Programa de Agroformación: alternativas de cultivo no noso agro" presenta o primeiro dos módulos formativos dos que consta o programa:


### Producción e comercialización de froitos silvestres

- **Datas:** 3-4 de novembro.
- (Cada módulo constará dunha sesión teórica, os venres pola tarde, de 18 a 20 h. e dunha

sesión práctica o sábado pola mañá).

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 691.

## Servizos Sociais



## ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

### ■ Escola de saúde: "Ximnasia Hipopresiva"

Xoves 5 de outubro ás 20:00 h.

### ■ Circuito Termal Nas Termas de Outariz

Luns 9 de outubro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición para

esta saída, ábrese o 4 de outubro no Centro Social. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición)

### ■ Obradoiro de "flores con crochas de millo"

Martes 10 de outubro ás 20:30 h. Gratuíta.

### ■ Excursión a Braga e Guimaraes (Portugal)

Os días 25 e 26 de outubro.

Prezo: 99 € (Inclúe: transporte, pensión completa, servizo de guía e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a todos os interesados.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 10 de abril no Centro Social. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición)

### ■ Bingo

Xoves 26 de outubro ás 20:00 h.

## PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que está a funcionar o Punto de Información e Asesoramento Educativo Municipal, que ten como obxectivo:

- Asesoramento ao alumnado e ás súas familias sobre as posibles alternativas educativas.

### Como contactar?

A través do teléfono 981 814 612 ou do correo electrónico [carmen.sabio@vedra.dicoruna.es](mailto:carmen.sabio@vedra.dicoruna.es)



Concello de Vedra



## VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do concello de Vedra.

Trátase de traballar coas familias na procura de:

- Promover o recoñecemento e o valor do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos da contorna familiar como elementos educativos.

- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

O desenvolvemento do programa realizarase durante o curso 2017-2018 a través de actividades fundamentalmente prácticas que se desenvolverán a través de distintos obradoiros.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h. a 14:00 h. ou a través do correo electrónico [carmen.sabio@vedra.dicoruna.es](mailto:carmen.sabio@vedra.dicoruna.es).

## ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR

Como cada outono, a Asociación Cultural Papaventos en colaboración coa Federación Galega de Teatro Amador (FEGATEA) organiza en Vedra o Circuito Galego de Teatro Amador que este ano inclúe as seguintes actuacións en outubro:

- **Venres 6 de outubro** ás 19:00 h: 'Clowntacontos', do Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla.
- **Venres 20 de outubro** ás 21:15 h: 'Hotel desencanto', de Hipócrita Teatro.
- **Sábado 21 de outubro** 21:15 h: 'Se o sei... non volvo á casa', de A Mámoa Teatro.
- **Lugar:** Centro Social de Vedra.
- **Prezo das entradas:** 2 euros.

**CIRCUÍTO GALEGO DE Teatro Amador**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECIONADO

Venres 29 de setembro, 21:15h: **EN VENDA.** O Traxo Novo Teatro.

Venres 6 de outubro, 19:00h: **CLOWNTACONTOS.** Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla.

Venres 20 de outubro, 21:15h: **HOTEL DESENCANTO.** Hipócrita Teatro.

Sábado 21 de outubro, 21:15h: **SE O SEI NON VOLVO A CASA.** A Mámoa Teatro.

Lugar: Centro Social de Vedra.  
Prezo da entrada: 2,00€

Concello de Vedra, Xunta de Galicia, Xunta de A Coruña, Xunta de Pontevedra.

...E tamén lebran as súas clases teatrais para nenos/as e persoas adultas.

### CURSO DE INICIACIÓN AO TEATRO (outubro - xuño)

**Adultos** (a partir de 16 anos):

Día: xoves  
Hora: 21:00h  
Lugar: Centro Social de Vedra

**Prezo:** 20 €/mes

**Grupo mínimo:** 8 persoas

**Inscripcións:**  
ac\_papaventos@yahoo.es

### CURSOS DE INICIACIÓN AO TEATRO (outubro - xuño)

**Infantil**

Día: sábados  
Hora: 10:30h - 11:30h  
Lugar: Centro Social de Vedra

**Primaria**

Día: sábados  
Hora: 11:30h - 12:30h  
Lugar: Centro Social de Vedra

**ESO**

Día: sábados  
Hora: 12:30h - 13:30h  
Lugar: Centro Social de Vedra

**Prezo:** 15 €/mes

**Grupo mínimo:** 8 persoas

**Inscripcións:**  
ac\_papaventos@yahoo.es

## ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO ESPAZO ACTIVO DA ULLA

**ESPAZO ACTIVO**  
SAN MIGUEL DE SARANDÓN VEDRA 2017 da Ulla

**28 OUTUBRO PASABODEGHAS**  
PAK PASABODEGHAS  
VERBO E REGISTRO DE VINO E CANTAS NAS 7 ADEGAS  
EXPOSICIÓN, POSTOS DE ARTESANÍA, XOGOS POPULARES E MOTO MARI

**17H RUTA GAITEIRA**  
PUNTO DE ENCONTRO: CAMPO DA FESTA

**21:30H SUBIDA GAITEIRA**  
OS FONDAOS DO PIFARO

**22:30H CONCERTOS** CAMPO DA FESTA

**29 OUTUBRO XANTAR-FOLIADA** CAMPO DA FESTA  
HABERÁ PULPEIRO!

**13:30H SESIÓN VERMÚ** A GAITA DE SARANDÓN

**XANTAR FAMILIAR** EMPANADA DE COGUMELOS  
CARNE O CALDEIRO E POSTRE  
RESERVAS: 678 826 516 / 658 202 253

**17H A. C. SAN CAMPIO**  
CAMPIÑOS / LAXEIRIÑOS / DEDALEIRAS

**18H PETER PUNK**

**AIRIÑOS DA FREBA**  
**BRINKADELIA TROUPE**  
**SKAMA LA REDE** ASTURIAS

ORGANIZA: Concello de Vedra, Xunta de Galicia, Xunta de A Coruña, Xunta de Pontevedra.

...E tamén presenta as súas actividades... que comezaran en outubro xunto co resto de actividades pro-

gramadas nas que aínda te podes inscribir ata o 15 de outubro!!

**CLASES DE GUITARRA ESPAÑOLA E GUITARRA ELÉCTRICA**

Imparte: Diego Moreira  
Guitarrista da Paris de Nota

**INICIACIÓN:**  
Día e hora: Os martes ás 18:00 h.  
Prezo: 15 €/mes socios/as  
20 €/mes non socios/as  
Grupos reducidos de 4 persoas

**PERFECCIONAMENTO:**  
Día e hora: Os martes a partir das 19:00 h.  
Prezo: 15 €/hora socios/as  
20 €/hora non socios/as  
Atención individualizada

Para máis información e inscricións:  
678 826 516 Angeles / 663616884 Vero  
Email: acsancampio@gmail.com  
Inscricións ata o 15 de outubro.

**ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL**  
Curso 2017-2018

Gaita Requinta Acordeón Percusión  
Baile tradicional Pandeireta

**HORARIOS:**  
LUNS: 18:30-19:30 - Iniciación ao baile + pandeireta  
19:30-20:30 - Perfeccionamento ao baile + pandeireta  
20:30-21:30 - Iniciación a pandeireta (maiores de 18 anos)  
21:30-22:30 - Perfeccionamento a pandeireta  
LUNS: 19:30-20:30 - Gaita, Requinta e percusión  
20:30-21:30 - Acordeón  
PENDENTE DE DÍA E HORA:  
Baile tradicional para adultos

**PREZOS:**  
MÚSICA E BAILE TRADICIONAL:  
Baile + pandeireta: 10€/mes socios (non socios, 18€/mes)  
ACORDEÓN:  
Maiores de 12 anos: 18€/mes socios (non socios, 25€/mes)  
Menores de 12 anos: 12€/mes socios (non socios, 20€/mes)  
PROFESORES:  
Emilio Lolo (música tradicional)  
Gustavo Couto (baile e pandeireta)

Para máis información e inscricións:  
678 826 516 Angeles / 663616884 Vero  
Email: acsancampio@gmail.com  
Inscricións ata o 15 de outubro.

ASOCIACIONES



## ASOCIACIÓN SENUNPESO - CICLO DE OUTONO - MEMORIA E MULLER - Cinema galego en Vedra

■ Outubro, novembro e decembro de 2017 na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

**Organiza:** Asociación Senunpeso Producións.

**Colaboran:** Concello de Vedra - Deputación da Coruña - Asociación Cultural Papaventos

O ciclo "Memoria e muller" achégase a través de tres documentais e un drama á memoria das mulleres que, en contextos moi diferentes, tiveron a coraxe de percorrer camiños non trazados. Os filmes deste ciclo queren rescatar do esquecemento o papel das mulleres na renovación pedagóxica durante o franquismo, na resistencia ás ditaduras sudamericanas, na febre do volframio en Galicia durante a II Guerra Mundial e na loita pola supervivencia mediante o estraperlo na fronteira con Portugal. O ciclo contará coa presenza de protagonistas, actores e directoras dos filmes proxectados, para presentalos e participar no coloquio posterior.

*Domingo 8 de outubro ás 18 h.*

**A PALABRA XUSTA**, de Miguel Piñeiro (2016). Documental. 74 min.

Presentación e coloquio: Antía Cal.

*Sábado 11 de novembro ás 20 h.*

**MIGAS DE PAN**, de Manane Rodríguez (2016). Drama baseado en feitos reais. 109 min. Con Cecilia Roth, Justina Bustos, Ernesto Chao, Quique Fernández, Artur Trillo, Sonia Méndez.

Non recomendada a menores de 16 anos.

Presentación e coloquio: Ernesto Chao.

*Sábado 2 de decembro ás 20 h.*

**A LUZ DO NEGRO**, de Encarna Otero (2014). Documental, 34 min.

**MULLERES DA RAIA**, de Diana Gonçalves (2009). Documental, 42 min.

Presentación e coloquio: Encarna Otero e Diana Gonçalves.



## ASOCIACIÓN AMABUL - SAÍDAS MICOLÓXICAS COGOMELAR'17



|                |  |
|----------------|--|
| <b>SÁBADO</b>  | <b>15h00 Saída de campo</b><br>Partiremos do pavillón de Vedra   |
| <b>28</b>      | <b>18h00 Charla de iniciación á micoloxía</b><br>Introdución á micoloxía<br>Principais cogomelos comestibles e tóxicos<br>Recollida de cogomelos. Recomendacións |
| <b>OUTUBRO</b> |  |
| <b>DOMINGO</b> | <b>08h00 Ruta micolóxica "Serra do Courel"</b><br>Saída do pavillón de Vedra<br>Transporte de balde<br>Retorno sobor das 20h00                                   |
| <b>29</b>      |  |
| <b>OUTUBRO</b> |  |

**INSCRICIÓNs** de balde en [asoc.amabul@gmail.com](mailto:asoc.amabul@gmail.com) ou no 620 424 090

ORGANIZA COLABORA

### PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo [novas@concellodevedra.com](mailto:novas@concellodevedra.com) co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.